ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU20008

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornada Gobernanza, emprego público e boas prácticas na Administración

CONVOCATORIA: Xornada Gobernanza, empregro público e boas prácticas na Administración

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	**PLAN:**	FONDOS EGAP	**HORAS:**	6
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN|ES|CI|XU	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2020
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	DIVULGACIÓN	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 10/03/2020 - 08:00h ao 13/03/2020 - 11:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A Galicia que queremos debe contar cunhas administracións exemplares e eficientes, cuxo funcionamento estea orientado aos resultados e ao cumprimento e que, a través da rendición de contas aos cidadáns, permitan apreciar como a súa boa xestión converte os recursos captados en bens e servizos de calidade, o que debe contribuír a aumentar a valoración das institucións.
Nesta liña, e no marco da elaboración do Plan estratéxico de Galicia 2021-2030 que determinará as liñas prioritarias de actuación da Administración autonómica galega na vindeira década, cómpre establecer un eixe estratéxico específico sobre Gobernanza pública, no que, dun xeito participativo, se definan os cambios que necesitan as nosas administración para prestar mellores servizos aos cidadáns, ser máis modernas e eficientes e, en consecuencia, producir unha mellora da confianza na xestión pública.
Para desenvolver este proceso participativo a Escola Galega de Administración Pública acollerá un ciclo de xornadas nas que expertos nas principais cuestións relacionadas coa Gobernanza exporán a súa visión, acompañados de profesionais na materia, co obxecto de xerar un debate participativo que permita detectar as prioridades neste eixe e concretar ss medidas para acadalas con éxito.

DESTINATARIOS

A xornada está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia e das universidades do Sistema universitario de Galicia, xuristas, profesionais e persoas interesadas en xeral.

PROGRAMA

Nesta xornada trataranse, entre outros, os seguintes contidos:

– Os postulados da boa Administración: situación actual e perspectivas.
– A identidade corporativa do persoal empregado público.
– Gobernanza e boas prácticas na Administración.
– O impacto da intelixencia artificial no emprego público: o relevo interxeracional.

CRITERIOS DE SELECCIÓN
A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o aforo do local.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO		
LOCALIDADE: Santiago de Compostela		**INICIO / FIN:** 17/03/2020 a 17/03/2020
NUM. PRAZAS: 286	**ESTADO:** NORMAL	**DATA EXAME:**
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		